

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A AREA SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E BARBANZA INCREMENTA A SÚA CAPACIDADE DIAGNÓSTICA COA POSTA EN MARCHA DE NOVOS PUNTOS DE TOMA DE MOSTRAS

- Dende esta tarde súmanse 3 novos puntos diagnósticos sen cita: No aeroporto Rosalía de Castro, na Estación do Tren de Santiago de Compostela para viaxeiros e no Campus, no Auditorio Vidal Bolaño, para toda a cidadanía, onde poderán realizar Autotest de saliva
- Esta semana xa activara dous dispositivos para a realización de PCR sen cita no Hospital Clínico de Santiago e no da Barbanza.
- Reforza tamén, dende hoxe, o punto de toma de mostras **con cita** para persoas con síntomas e contactos de positivos no hospital Gil Casares, a carón da Carpa do AutoCovid

Santiago, 23 de decembro de 2021.- A Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza reforza a súa capacidade diagnóstica ante a Covid-19 coa posta en marcha de novos puntos de toma de mostras.

Así, o pasado martes 21 puxéronse en marcha 2 puntos de toma de mostras para realizar PCR no Hospital Clínico de Santiago e no da Barbanza no que xa se levan realizado en 2 días unhas 3.500 PCR sen cita e sen prescrición facultativa.

	Hospital Clínico	Hospital da Barbanza
Martes 21	966 (77 positivos)	592 (39 positivos)
Mércores 22	930	1.011

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Desde esta tarde novos puntos de toma de mostras, neste caso Autotest de Saliva estarán á disposición da poboación en diferentes lugares e con diferentes horarios:

<i>Punto de toma de mostras diagnósticas SEN petición facultativa NIN CITA</i>				
	Período	Horario	Tipo de proba	Lugar exacto
Hospital Clínico	Desde o martes 21 ao venres 24	15.30 ata 21.00h (o 24 dec ata 19.00h)	PCR	Sala de Extraccións. Andar -3
Hospital da Barbanza	Desde o 21 de ata o 24	15.30 ata 21.00h (o 24 dec ata 19.00h)	PCR	Sala 10 . Andar 0
Hospital da Barbanza	A partires do 26 de decembro	15.30 ata 20.00 h	Autotest de saliva	Sala 10 . Andar 0
Auditorio Vidal Bolaño. Campus USC	A partires do 23 de decembro ás 14.00h	14.00 ata 20.00 h	Autotest de saliva	
Aeroporto de Rosalía Castro	A partires do 23 de decembro ás 16.00h	09.00 ata 21.30h	Autotest de saliva	
Estación de tren Santiago	A partires do 23 de decembro ás 16.00h	09.00 ata 21.30h	Autotest de saliva	

*** Os días 25 decembro e 1 de xaneiro estes puntos sen cita non estarán activos

Así mesmo increméntanse os puntos de toma de mostras con cita tras petición facultativa como apoio ao AutoCovid do Hospital Gil Casares dende esta tarde, nun espazo do propio hospital dedicado á realización dos estudos Preoperatorios.

<i>Puntos de toma de mostras diagnósticas CON CITA</i>		
AutoCovid Gil Casares	Preoperatorio Gil Casares	AutoCovid Hospital Barbanza

Saúdos,